

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de decembro de 2016, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección de Presidente ou Presidenta da Comisión

Punto 2. Preguntas orais en Comisión.

- 2.1 768 (10/POC-000074)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre o contido da práctica denominada "helimulching", que se está a levar a cabo nas zonas afectadas polos incendios forestais para evitar a erosión e o impacto dos arrastres nos ríos e no mar, as outras actuacións previstas nelas e as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para a recuperación dos montes. (Procedemento de urxencia)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016
- 2.2 1066 (10/POC-000131)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 5 máis
Sobre os trámites pendentes para a aprobación pola Unión Europea da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia, as principais novidades que se pretenden introducir nela e as repercusións que vai ter na inclusión das variedades Agria e Fina de Carballo, así como os demais apoios que está a desenvolver o Goberno galego para o impulso deste e doutros produtos de calidade diferenciada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 24.11.2016
- 2.3 1158 (10/POC-000146)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as liñas de actuación previstas polo Goberno galego para controlar a crecente poboación de "Vespa velutina" ou tártago asiático, os convenios ou outras fórmulas de colaboración desenvolvidos con asociacións profesionais de apicultores e as actuacións de colaboración postas en marcha coas universidades e centros de investigación, así como as súas

intencións respecto do desenvolvemento de accións formativas nos concellos e a consignación de partidas orzamentarias para eses fins
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 24.11.2016

- 2.4 1191 (10/POC-000154)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para condonar as débedas contraídas polas comunidades de montes veciñais en man común a consecuencia de consorcios ou convenios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 24.11.2016
- 2.5 1335 (10/POC-000180)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre os resultados da investigación realizada pola Axencia de Información e Control Alimentarios nas explotacións leiteiras que estaban a cobrar os prezos máis baixos polo leite entregado, así como as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar prácticas abusivas e a súa imposición unilateral polas industrias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22, do 30.11.2016

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión.

- 3.1 1206 (10/PNC-000111)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas precisas para garantir o pagamento aos gandeiros, en tempo e forma, do leite producido e evitar a deterioración da súa cadea de valor
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 3.2 1269 (10/PNC-000122)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da loita contra a "Vespa velutina" ou tártago asiático
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 3.3 1796 (10/PNC-000191)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Consello Forestal Galego, a necesidade de elaboración dun plan estratéxico de xestión do monte, así como a ordenación dos cultivos agrarios e forestais, a mobilización produtiva das terras e a posta en marcha de plans de

restauración e recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2016

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Vicepresidente

Moisés Blanco Paradelo

P

Secretario

José Manuel Pérez Seco

S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez

P

Silvestre José Balseiros Guinarte

P

Carlos Gómez Salgado

P

José González Vázquez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

Paula Quinteiro Araújo

EM

José Antonio Quiroga Díaz

S

José Luis Rivas Cruz

BNG

David Rodríguez Estévez

EM

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

1. Elección de Presidente ou Presidenta da Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión.

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

2.1 768(10/POC-000074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 5 máis

Sobre o contido da práctica denominada "helimulching", que se está a levar a cabo nas zonas afectadas polos incendios forestais para evitar a erosión e o impacto dos arrastres nos ríos e no mar, as outras actuacións previstas nelas e as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para a recuperación dos montes. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:25
Nº Rexistro: 768
Data envío: 04/11/2016 18:25:21.992**

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E.López Crespo, Susana López Abella, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

No concello de Porto do Son realizáronse traballos de recuperación nos montes afectados este verán polos incendios forestais. Estes traballos comezaron a realizarse á semana de producirse o incendio forestal, co restablecemento de peches para o gando que estaba de forma extensiva nos montes da zona, ademais de provedos de alimentos, e co arranxo e aprovisionamento das colmeas.

Entre as diferentes actuacións, realizáronse traballos de helimulching, que consisten en cubrir o solo con palla para protexelo da erosión e así evitar que os arrastres poidan afectar aos leitos dos ríos e ao mar.

A Xunta destina un orzamento de seis millóns de euros para facer un control dos riscos hidrolóxicos erosivos asociados aos lumes e atallar os posibles procesos de degradación dos solos afectados e así contribuír a recuperar o potencial forestal.

Ademais das actuacións específicas de consolidación de solos vanse realizar outras accións, como a eliminación de madeira queimada sen valor de mercado para mellorar a posterior rexeneración do arborado ou aproveitamento da madeira recuperable; mellorar as infraestruturas forestais das zonas queimadas e recuperar infraestruturas de protección dos terreos forestais, tales como peches gandeiros afectados incluíndo a substitución dos queimados e as súas infraestruturas complementarias.

A maiores, a Consellería do Medio Rural abriu unha liña de axudas para particulares que sufriran danos polos incendios deste verán cun orzamento dun millón de euros. Deste xeito, preténdese paliar as consecuencias provocadas a particulares polas dúas grandes vagas de incendios sufridos este verán nos meses de agosto e setembro. Estas achegas, de carácter excepcional, súmanse ademais ao resto de liñas de axudas

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:25
Nº Rexistro: 768**
Data envío: 04/11/2016 18:25:21.992

postas en marcha dende as distintas consellerías co mesmo fin e que, xuntas, alcanzan os 10 millóns de euros.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión polo trámite de urxencia:

- 1.-En que consiste esta nova práctica de helimulching?
- 2.-Que outras actuacións está previsto que se realicen nos terreos afectados?
- 3.-En que zonas está previsto realizar estes traballos?
- 4.-Que medidas ten previsto adoptar a Consellería do Medio Rural para a recuperación dos montes?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2.016.

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:20:20

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:20:35

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:20:42

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:20:54

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:20:59

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:21:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

2.2 1066(10/POC-000131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 5 máis

Sobre os trámites pendentes para a aprobación pola Unión Europea da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia, as principais novidades que se pretenden introducir nela e as repercusións que vai ter na inclusión das variedades Agría e Fina de Carballo, así como os demais apoios que está a desenvolver o Goberno galego para o impulso deste e doutros produtos de calidade diferenciada

Publicación da iniciativa, 19, 24.11.2016

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, José González Vázquez, Susana López Abella e Carlos López Crespo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a Orde da Consellería do Medio Rural pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida *Pataca de Galicia*.

Finalizado o prazo establecido na lexislación comunitaria vixente ningunha persoa física ou xurídica presentou solicitude de oposición polo que a tramitación da modificación do rexistro segue adiante ante o Goberno central e a Comisión Europea.

Os promotores desta modificación buscan, entre outras cuestións, incorporar a este distintivo de calidade ás variedades cultivadas Agria e Fina de Carballo –na actualidade tan só esta permitida a Kennebec- o que permitirá, segundo as primeiras estimacións, triplicar a produción acollida a esta indicación xeográfica protexida, co consecuente beneficio para os produtores, así como tamén ampliar a zona xeográfica de produción a toda a Comunidade autónoma.

Cómpre lembrar que as indicacións xeográficas protexidas (IXP) e as denominacións de orixe, constitúen un elemento fundamental para o mantemento do tecido agroindustrial e, en xeral, para o desenvolvemento rural.

Son tamén un elemento importante para a pervivencia das tradicións e das formas de vida do noso agro, o mantemento da biodiversidade e, en definitiva, dunha parte importante da nosa cultura, polo que apostar por elas é tamén unha aposta polo noso e por nós.

Baixo estas premisas o Goberno galego debe continuar apostando polos produtos galegos de calidade diferenciada, apoiando a produción, comercialización e iniciativas de impulso como a que afecta á IXP Patacas de Galicia.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguinte preguntas:



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 10:55
Nº Rexistro: 1066
Data envío: 14/11/2016 10:55:02.482

- 1.- Que trámites quedan pendentes para que Bruxelas dea o visto e prace á modificación definitiva do prego de condicións da IXP Pataca de Galicia?
- 2.- Cales son as principais novidades das modificacións que se pretenden incluír na IXP Pataca de Galicia?
- 3.- En que medida afectará a IXP a inclusión das variedades Agrida e Fina de Carballo?
- 4.- Que outros apoios desenvolve o Goberno galego na súa aposta polo impulso deste e outros produtos de calidade diferenciada?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 14/11/2016 10:52:05

José Manuel Balseiro Orol na data 14/11/2016 10:52:35

Moisés Blanco Paradelo na data 14/11/2016 10:52:47

José González Vázquez na data 14/11/2016 10:52:53

María Susana López Abella na data 14/11/2016 10:53:17

Carlos Enrique López Crespo na data 14/11/2016 10:53:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

2.3 1158(10/POC-000146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as liñas de actuación previstas polo Goberno galego para controlar a crecente poboación de "Vespa velutina" ou tártago asiático, os convenios ou outras fórmulas de colaboración desenvolvidos con asociacións profesionais de apicultores e as actuacións de colaboración postas en marcha coas universidades e centros de investigación, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento de accións formativas nos concellos e a consignación de partidas orzamentarias para eses fins

Publicación da iniciativa, 19, 24.11.2016



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da *vespa velutina* en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os cales se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea substanciadas nun gran tamaño e agresividade convértena nun depredador da “*apis mellifera*”, a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se ven desbordados por esta incontinencia e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de *velutina* pasa pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais de fauna e flora.

Diante da alarma social manifestada nos medios de comunicación e o prexuízo directos aos apicultores e asociacións que defenden e potencian á apicultura os deputados que asinan presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Cales son as liñas de actuación previstas polo Goberno galego para controlar á poboación crecente de *velutina*?



 Grupo Parlamentario

2ª) Ten desenvolto o Goberno galego convenios ou outras fórmulas de colaboración con asociacións profesionais de apicultores para tratar o problema?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Están en marcha accións de colaboración coas universidades e centros de investigación para impulsar a investigación necesaria coa que atopar medios de control da *vespa velutina*?

4ª) Ten pensado o Goberno desenvolver accións formativas en todos os concellos para preparar a apicultores e institucións locais?

5ª) Vaise contemplar nos orzamentos partidas destinadas á formación e dotación de medios básicos (traxes, pértigas..etc) así como para levar adiante a necesaria investigación coas universidades e centros de investigación en xeral?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/11/2016 19:03:09

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/11/2016 19:03:20

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

2.4 1191(10/POC-000154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para condonar as débedas contraídas polas comunidades de montes veciñais en man común a consecuencia de consorcios ou convenios

Publicación da iniciativa, 19, 24.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 12:33
Nº Rexistro: 1191
Data envío: 15/11/2016 12:33:24.689

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dita que os consorcios e os convenios de repoboación coa Administración Forestal serán obxecto de cancelación.

Para levar adiante esta cancelación, as comunidades de montes veciñais en man común teñen ata o 28 de xuño de 2018 para pagar as falsas e inxustas débedas procedentes dos consorcios e os convenios. De non faceren este pago, terán que asinar un contrato de xestión pública que segundo o artigo 123-Punto 7 da Lei de montes de Galicia, a xestión e execución destes contratos de xestión pública serán realizados pola administración, ben directamente ou ben por terceiras persoas físicas e xurídicas que desempeñen actividades no sector forestal.

Queda claro que a intención da Lei é entregar de balde a xestión destes montes veciñais a empresas forestais privadas, e ollo que estamos a falar de 250.000Has. Non tería sentido que a lei propoña a cancelación dos consorcios e dos convenios para logo volver facelos de novo.

A Consellería do Medio Rural, baseándose que en xuño de 2018 as comunidades de montes veciñais en man común teñen que pagar as falsas e inxustas débedas dos consorcios e dos convenios, está levando adiante unha acción deshonestas con elas. Está



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 12:33
Nº Rexistro: 1191
Data envío: 15/11/2016 12:33:24.689

procedendo de forma salvaxe á corta de madeira nestes montes (corta da que a Administración Forestal leva o 30% do valor da venda). Con esta acción impresentable cando chegue xuño de 2.018 os montes veciñais consorciados ou conveniados chegarán con pouca débeda pero totalmente descapitalizados e imposibilitados para que a veciñanza comuneira os poida poñer en valor.

As débedas procedentes dos consorcios e convenios son inxustas xa que tanto o consorcio coma o convenio son acordos entre partes. Unha parte aporta a terra (a comunidade de montes), e a outra a xestión (a Administración Forestal). Acordan un prezo, o 30% en cada corta de madeira. Se este prezo non é rentable a culpa non é de quen pon a terra.

Son inxustas tamén porque a ruptura deste contrato dáse unilateralmente por parte da Administración Forestal.

Por todo o anteriormente exposto fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Ten pensada a Xunta de Galicia algunha medida política ou orzamentaria destinada á condonación das falsas e inxustas débedas dos montes veciñais consorciados ou conveniados?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 12:33
Nº Rexistro: 1191

Data envío: 15/11/2016 12:33:24.689

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2016 12:29:45

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2016 12:30:00

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/11/2016 12:30:03

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2016 12:30:07

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2016 12:30:09

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2016 12:30:13

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

2.5 1335(10/POC-000180)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre os resultados da investigación realizada pola Axencia de Información e Control Alimentarios nas explotacións leiteiras que estaban a cobrar os prezos máis baixos polo leite entregado, así como as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar prácticas abusivas e a súa imposición unilateral polas industrias

Publicación da iniciativa, 22, 30.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O sector lácteo é un dos sectores produtivos máis importantes para o desenvolvemento económico e social de Galiza, xa que esta atópase á cabeza no Estado Español no relativo a produción de leite.

Na actualidade o sector atópase nunha situación crítica e precaria en toda a Unión Europea, agás nalgúns países, que aproveitan os incentivos á redución voluntaria da produción para aumentar a súa e gañar cota de mercado á costa doutros países.

A situación é de especial gravidade para Galiza pois, como dicíamos, é un sector fundamental para o noso desenvolvemento.

O número de explotacións que tiveron que pechar dende o inicio deste ano xa se eleva ata a cifra de 420, e representan o 58% das totais que pecharon en todo o Estado Español. É un paso máis no proceso de concentración da produción leiteira no norte de Europa, e que precisa de desmantelar o tecido leiteiro galego.

Unha das causas máis importantes que perpetúan a actual situación é a imposición do prezo do leite por parte das grandes cadeas de distribución aos produtores. Non chega con que as nosas granxas teñan que vender o litro de leite a prezos en torno aos 20 céntimos o litro, senón que ademais teñen que ver como ao mesmo tempo grandes empresas como Lactatis



aumentan os seus beneficios. Resulta indignante que as grandes empresas aumenten os beneficios mentres se obriga as nosas granxas a vender por debaixo do prezo de custe.

O 23 de Setembro de 2015 asinouse o acordo lácteo que se supoñía que ía dar respostas ás problemática do sector. Mais, un ano despois, non se observan melloras.

Nos últimos meses a Axencia de Control Alimentario Aíca, a raíz das denuncias presentadas polas organizacións agrarias, iniciou unha campaña de investigación nas granxas que estaban a cobrar os prezos menores e tratar de detectar prácticas abusivas na imposición unilateral de prezos por parte das industrias, xa que aínda que é certo que, tras sete meses de caídas nos prezos, estamos asistindo a un leve subida do prezo do leite nos meses de Agosto e Setembro, un dos grandes problemas presentes nos últimos tempos é a diferenza existente entre os prezos que se cobran nunhas granxas e noutras, atopándose moitas diferenzas que non están relacionadas nin co tipo de leite nin cas calidades. Esta é unha realidade que está agochada tralas medias.

Por todo isto, En Marea, formula as seguintes preguntas para a súa resposta en comisión:

- 1.ª) Dirixiuse a Consellería a AICA para coñecer os resultados da investigación nas granxas que están a recibir os prezos máis baixos? Que datos lle comunicaron?
- 2.ª) En principio a Administración (Ministerio e Goberno galego) impulsou o Acordo Lácteo como garantía dunha marxe axeitada para cada parte na cadea de valor do leite. No caso das persoas produtoras, e tendo en conta que os prezos que se lles están a pagar ás granxas están por debaixo dos custos de produción calculados polo propio Ministerio, cales



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 13:07
Nº Rexistro: 1335
Data envío: 18/11/2016 13:07:34.781



son as actuacións que a Consellería está a levar adiante para garantir prezos que non sexan impostos unilateralmente pola industria e que non sexan abusivos?

3.ª) Pode indicarnos a Consellería canto leite se está a pagar hoxe en día en Galiza a prezos de leite en pó e se hai unha verificación pola propia Administración de que ese é realmente o destino do leite que se compra con esa finalidade?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2016 13:06:03

David Rodríguez Estévez na data 18/11/2016 13:06:09

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión.

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3.1 1206(10/PNC-000111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas precisas para garantir o pagamento aos gandeiros, en tempo e forma, do leite producido e evitar a deterioración da súa cadea de valor

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 17:02
Nº Rexistro: 1206
Data envío: 15/11/2016 17:02:46.486



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A existencia de operadores intermediarios que actúan entre os gandeiros e as industrias transformadoras de lácteos, comprándolle o leite aos primeiros e vendéndolle ás segundas, carece das garantías suficientes para os produtores. Este é un tema que se vén denunciando publicamente desde distintos ámbitos, e nos últimos meses acadou maior relevancia dado o número de non pagamentos aos gandeiros. As organizacións agrarias falan que arredor de 200 granxas estarían afectadas por esta situación en toda Galicia.

Unha situación que afecta a primeiros compradores, industrias, cooperativas e gandeiros polas escasas medidas que existen para comercializar un produto con garantías para todos os implicados neste proceso, e que por outra banda está a provocar un deterioro da cadea de valor, xerando flutuacións nos prezos (cada vez máis á baixa) que crea inseguridade no mercado e escasas garantías económicas para os produtores.

Para evitar esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que adopte as medidas precisas que garantan o pago aos gandeiros, en tempo e forma, do leite producido, e eviten o deterioro da cadea de valor deste produto.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 17:02
Nº Rexistro: 1206

Data envío: 15/11/2016 17:02:46.486



 Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/11/2016 16:59:24

José Antonio Quiroga Díaz na data 15/11/2016 16:59:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/11/2016 16:59:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3.2 1269(10/PNC-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da loita contra a "Vespa velutina" ou tártago asiático

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:08
Nº Rexistro: 1269
Data envío: 17/11/2016 12:08:28.060

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

A aparición da néspera velutina como especie invasora produciu no monte e na agricultura un desequilibrio e uns danos aínda sen cuantificar e que van en progresivo aumento sen que se vexan solucións a curto prazo.

Os danos producidos por este insecto foráneo, non se limitan só á produción de pole, propóleos, veneno e mel, senón que os efectos sobre a agricultura e sobrevivencia da flora fan que sexa nestes momentos unha ameaza das máis serias sobre o equilibrio natural das especies vexetais autóctonas e dunha grande parte dos cultivos agrícolas e forestais.

A escaseza de medios e de certeza na loita contra este insecto está dando lugar a que xurdan inxeniosas solucións que mitigan o problema aínda que minimamente, e tamén perigosos experimentos con biocidas que poden ter resultados catastróficos para o equilibrio natural do noso medio.

Diante desta dura problemática a Xunta de Galicia optou por tratar o problema desde tres consellerías dun xeito ineficaz por non encarar o problema coa determinación que a gravidade esixe. Non é dando largas á espera de que os abelleiros investiguen e



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:08
Nº Rexistro: 1269
Data envío: 17/11/2016 12:08:28.060

dean coa solución como se remedia o problema. Non é ó sector apícola a quen lle compete darlle solución.

A mortandade de abellas no ano 1994, mesmo coa praga da varroa sen estabilizar, andaba nun 10%. Na actualidade anda nun 40% e en aumento, e xa se comeza a notar a diminución da poboación de abellas e outros insectos polinizadores nos sectores do viño, froitas...e na agricultura en xeral.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a :

- Que a competencia para a xestión da loita contra a velutina sexa asumida por un único organismo especializado no tema que aúne tódolos coñecementos e métodos de loita e que conte coas asociacións apícolas e outros afectados para a xestión dos plans de trampeo, investigación, axudas,...

- Que fixe un orzamento especial onde se contemplen unhas primeiras axudas que permitan paliar as perdas económicas nos sectores apícola e agrícola afectados por esta problemática.

- Que deseñe un plan de trampeo primaveral masivo e serio, (pois a batalla hai que dala de febreiro a xuño), acordado coas asociacións de apicultores de Galicia.

- Que verifique a utilidade e funcionalidade de Tragsa no combate desta especie invasora nomeadamente na retirada correcta dos niños.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa. 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:08
Nº Rexistro: 1269

Data envío: 17/11/2016 12:08:28.060

- Que ese organismo único desenvolva accións formativas en tódolos concellos para preparar apicultores e institucións locais en tanto que se trata dunha especie coa que parece que temos que nos acostumar a vivir.

- Que se poñan en marcha accións de colaboración coas universidades e centros de investigación para atopar medios de control desta praga na liña de evitar que prolifere a utilización de substancias tóxicas e sexa substituída pola loita biolóxica.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/11/2016 12:07:24

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2016 12:07:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:08
Nº Rexistro: 1269

Data envío: 17/11/2016 12:08:28.060

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2016 12:07:41

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2016 12:07:44

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2016 12:07:49

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2016 12:07:53

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3.3 1796(10/PNC-000191)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Consello Forestal Galego, a necesidade de elaboración dun plan estratéxico de xestión do monte, así como a ordenación dos cultivos agrarios e forestais, a mobilización produtiva das terras e a posta en marcha de plans de restauración e recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Paula Quinteiro Araujo e David Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Larouco, a Serra do Xurés, o Macizo Central, Verín, Arbo, Cotobade, O Barbanza, Ribeira Sacra... moitos son os lugares afectados polos incendios, e moitos deles Espazos naturais protexidos, montes en Rede Natura, LIC's, ZEPA's, parques naturais, Reservas da Biosfera... todos eles ecosistemas de gran valor económico e medioambiental.

Moitos dos incendios forestais calcinaron estas zonas de forma descontrolada por falta de medios tanto materiais como humanos, e non tivemos máis desgrazas persoais ou máis perdas materiais grazas á profesionalidade e a implicación das traballadoras e traballadores que integran os distintos colectivos forestais.

Centos de incendios forestais, miles de hectáreas calcinadas, centos de millóns de euros perdidos en produtos primarios, máis tamén se deben calcular as perdas tendo en consideración a multifuncionalidade dos ecosistemas forestais, valoremos a paisaxe, o aire que respiramos, a auga que bebemos, as múltiples e variadas funcións dos montes e bosques, a cultura, a etnografía, o turismo rural..., unha perda económica, ecolóxica e social que o noso País non se pode permitir, non podemos asumir tantas perdas que afondan aínda máis na falla de alternativas económicas e sociais no conxunto de Galicia.



As perdas económicas, ecolóxicas e sociais que os lumes producen nos nosos montes xeran a indignación da sociedade galega. Esta indignación debe producir unha reacción por parte da Xunta de Galicia, levando a cabo políticas de protección dos espazos e de reordenación do espazo agroforestal galego.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. A modificación do Consello Forestal Galego, coa revisión da súa composición actual, integrando nel a todos os axentes sociais. Del debe saír un órgano consultivo e representativo multisectorial, a semellanza do que ocorre nos países da nosa contorna.
2. A que asuma a necesidade dun plan estratéxico de xestión do monte galego que marque un cambio na política agro-forestal que acade o consenso necesario entre todos os grupos políticos e sociais e, en particular dos propietarios forestais. A día de hoxe o plan forestal de Galicia da Xunta é do ano 1992 e non existe un plan anual de prevención a maiores do PLADIGA, que se centra exclusivamente na extinción no período de alto risco.
3. A ordenación dos cultivos agrarios e forestais e mobilización produtiva das terras asignándolles as localizacións máis axeitadas, evitando o aumento da superficie ocupada por especies de medra rápida, favorecendo así a perda de máis superficie agraria útil.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2016 18:14
Nº Rexistro: 1796
Data envío: 29/11/2016 18:14:14.248



4. Instar a Xunta de Galicia, a administración central e a todas aquelas administracións con competencia en materia de recuperación ambiental á posta en marcha inmediata de plans de restauración e recuperación das zonas afectadas por incendios.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 29/11/2016 18:13:06

Paula Quinteiro Araújo na data 29/11/2016 18:13:18

Luis Villares Naveira na data 29/11/2016 18:13:26